



## FONTE EN DOZÓN

Fonte situada ao lado do Cruceiro Dozón I e en contacto co muro perimetral da Cas Reitoral de Santa María de Dozón. É de factura sinxela, cun solo cano. Parece ter sido construída coa única función de ser útil, para encarreirar a auga dun manancial.

Está ó ras de chan e formada cunha lápida labrada con formas sinuosas, tanto na súa parte superior en arco como na unión ao chan. Rebáixase no interior para facer resaltar unha inscrición que se le con dificultade e di "ano 1958".

Forma un conxunto interesante coa casa reitoral, a igrexa e o cruceiro, elementos sagrados que elevan a auga como ben santificado ou consagrado, o elemento purificador ao que calquera persoa pode acceder libremente.

